



## Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Tel. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

### BASES

O Concello e a ACIAL de Lourenzá, co patrocinio de Pastelería Cabaleiros, coa finalidade de difundir, dar a coñecer e profundizar no coñecemento que a poboación infantil e adolescente teñen do ámbito xeográfico no que se sitúa Lourenzá, veñen de convocar o I Certame de Narración e Debuxo **"LOURENZÁ: ARTE E HISTORIA NO CAMIÑO"**, que se rexerá polas seguintes bases:

#### - Primeira:

Poderán optar ao premio nas súas diferentes categorías, os nenos/as e rapaces/as, que cursen estudos de Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato, en calquera dos Centros de Ensino dos Concellos das zonas comarcais denominadas "A Mariña Lucense".

#### - Segunda:

As obras narrativas, serán orixinais e inéditas, escritas en Lingua Galega e non premiadas noutros concursos. Presentaranse mecanografiadas, en letra tipo Arial, tamaño 12, e a dobre espazo, cunha extensión máxima de 10 páxinas. Os debuxos serán orixinais e inéditos, presentaranse en formato de papel cartolina en tamaño DIN-A4, podéndose emplegar calquer técnica plástica.

#### - Terceira:

Os datos persoais dos autores, xunto cun número de teléfono de contacto, adxuntaranse a cada obra, nun sobre pechado que poña no exterior o título do Concurso e a Categoría pola que concorre.

#### - Cuarta:

O prazo de admisión dos traballos, rematará o día 2 de maio; podendo ser achegados ás dependencias do Concello, ou ben, a través de correo postal, dirixido ás dependencias municipais, na seguinte dirección: Concello de Lourenzá, C/ Praza do Conde Santo, s/n C.P.: 27760 Lourenzá (no caso dos traballos enviados por correo, a data do mataselos, será a que se tome como data de presentación).

#### - Quinta:

O xurado estará composto por persoas relacionadas co mundo da Educación e a Cultura, e a súa decisión darase a coñecer o día 15 de maio.

#### - Sexta:

As categorías que se establecen, son as seguintes:

- Categoría A: DEBUXO- Para alumnos/as de tódolos ciclos de Primaria.
- Categoría B: NARRACIÓN- Para alumnos/as de E.S.O.
- Categoría C: NARRACIÓN- Para alumnos/as de Bacharelato



## Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

### - Sétima:

As temáticas arredor das que se poderán articular os traballos do certame, son as seguintes:

- No caso do DEBUXO, sempre e cando se respecte o tamaño do formato que marcan as bases, a temática xirará en torno a calquier elemento (natural, arquitectónico, cultural, lúdico... que sexa claramente distintivo do Concello de Lourenzá).
- No caso da NARRACIÓN, calquera dos participantes nas dúas categorías que se establecen, deben articular as súas obras, podendo elexir dúas opcións temáticas:
  - "Lourenzá, a terra das fabas": onde se poderán facer referenciais á súa historia pasada ou presente, ás súas personaxes más simbólicas como Osorio Gutiérrez coñecido como "O conde Santo" e fundador da vila, aspectos etnográficos, culturais, ambientais e paisaxísticos.
  - "O Camiño Norte e a súa influencia ao paso por Lourenzá": quilómetros que percorre, descripción pormenorizada das etapas, influencia cultural e económica do paso dos peregrinos, experiencias persoais no caso de haber realizado o Camiño de Santiago...

### - Oitava:

Os traballos das tres categorías pasarán a formar parte dos fondos da Biblioteca Pública Municipal "Juana de Ibarbourou" de Lourenzá, podendo ser editados pola mesma ou o propio Concello de Lourenzá nun futuro, sen necesidade do permiso dos autores, pero citando a autoría dos mesmos.

### - Novena:

Establécense tres premios, un para cada unha das categorías. Os premios consistirán no correspondente Diploma e un cheque-vale de compra, cuio importe será o que de seguido se describe (cunha caducidade de 3 meses a partir da data de entrega, en vales de compra para empregar en calquera dos establecementos comerciais de Lourenzá):

- Categoría A: DEBUXO- 50 €
- Categoría B: NARRACIÓN- 100 €
- Categoría C: NARRACIÓN- 150 €

### - Décima:

O fallo do xurado é inapelable, e os concursantes aceptan integralmente estas bases, así como canta decisión adopten os organizadores, Concello e ACIAL de Lourenzá, para que as mesmas poidan ser interpretadas e aplicadas.

### - Undécima:

A data establecida para a entrega de diplomas e agasallos é o venres, 17 de maio, Día das Letras Galegas.